

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2020 e 2021

BASES XERAIS DAS CONVOCATORIAS DAS PRAZAS INCLUÍDAS NAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2020 E 2021

EXPEDIENTE: 2021/G003/000176

Por Resolución desta alcaldía-presidencia nº 210/2021, do 01-03-2021, aprobáronse as bases que a continuación se transcriben literalmente:

BASES XERAIS REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN EN PROPIEDAD DAS PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARRERA E PERSOAL LABORAL FIXO INCLUÍDAS NAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2020 E 2021

1ª.-Obxecto destas bases

É obxecto das presentes bases xerais a regulación dos procesos selectivos do persoal, así como das convocatorias, para a provisión en propiedade de diversas prazas vacantes que se inclúen nas ofertas de emprego público dos anos 2020 (BOP nº 85 do 11.06.2020 e DOG núm. 114 do 12.06.2020) e 2021 (BOP núm. 22 do 03.02.2021 e DOG núm. 25 do 08.02.2021) do Concello de Bergondo, con funcionarios de carreira e/ou contratos laborais fixos, quenda libre, mediante o proceso selectivo que en cada base específica se determine, de conformidade co disposto no artigo 70 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (en adiante TRLEBEP).

2ª.-Requisitos dos aspirantes

Para ser admitido ás probas selectivas de acceso ás prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos eles á data na que termine o prazo de presentación de instancias:

a) Ser español ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou de calquera daqueles Estados aos que en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente, ademais, consonte co disposto no artigo 57 do TRLEBEP, tamén poderán participar os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe – sempre que non estean separados de dereito – menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

Os estranxeiros aos que se refire o apartado anterior relativo aos funcionarios, así como estranxeiros con residencia legal en España, poderán acceder como persoal laboral.

En cumprimento do sinalado no artigo 1.3 da Lei 17/1993, do 23 de decembro, as bases específicas de cada convocatoria establecerán que prazas quedan reservadas para aspirantes de nacionalidade española.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto ao que aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

A estes efectos establécese a igualdade de condición das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podéndose fixar, con carácter xeral, limitacións físicas ou psíquicas, agás nos casos nos que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adaptándose polo tribunal selectivo as medidas e medios precisos para a realización das probas, de xeito que gocen da mesma igualdade de oportunidades que os demais participantes. Para este fin, os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas, aplicándose, a tal efecto, o establecido na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, publicada no BOE do 13 de xuño de 2006, pola que se establecen os criterios para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público

de persoas con discapacidade. Para estes efectos, os tribunais poderán requirir informe ou colaboración doutros órganos administrativos ou da administración sanitaria.

A condición de discapacidade, o seu grao e a súa compatibilidade co exercicio das funcións da praza, acreditarase mediante certificación para o efecto expedida polo organismo competente.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non atoparse separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións semellantes ás que desenvolvían no caso de persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Posuír a titulación esixida en cada base específica ou estar en condicións de obtela na data en que remate o prazo de presentación de instancias. No caso de titulacións oficiais non expedidas en España deberase estar en posesión, na mesma data do remate do prazo para presentar as instancias, da credencial ou documento que acredite a súa homologación ou convalidación, expedido polo organismo competente.

f) Os demais requisitos especiais que se establezan, de ser o caso, nas bases específicas.

Os interesados que asinen a instancia de participación deberán reunir os requisitos da presente convocatoria, do contrario quedarán automaticamente eliminados, unha vez comprobada a documentación na fase de acreditación desta.

3ª.- Presentación de solicitudes de participación

1. As solicitudes deberán cubrirse no modelo oficial que figurará como anexo I das correspondentes bases específicas. Ese modelo oficial poderá obterse tamén a través de internet na páxina web do Concello (www.bergondo.gal), na sede electrónica municipal (<https://sede.bergondo.gal/opencms/gl/index.html>) e, así mesmo, será facilitado gratuitamente no Rexistro Xeral do Concello de Bergondo, situado na Casa do Concello, na estrada da Coruña, núm. 12, 15165 Bergondo.

As solicitudes dirixiranse á Alcaldía da Corporación e presentaranse preferentemente de forma telemática a través da sede electrónica do Concello de Bergondo, no enderezo <https://sede.bergondo.gal/opencms/gl/index.html>. Poderán tamén presentarse no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A instancia conterá, alomenos, os datos persoais do aspirante, seu enderezo para os efectos das notificacións e a denominación da praza convocada á que opta.

2. O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

3.- Coas instancias achegarase a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI ou documento equivalente.

b) Fotocopia da titulación requirida.

c) Compromiso, de se-lo caso, para no suposto de ser proposto para o correspondente nomeamento como funcionario de carreira, de prestar xuramento ou promesa, no modo que prevé o Real decreto 707/1979, do 5 de abril.

d) Carta de pagamento ou xustificante acreditativo do pagamento dos dereitos de exame na conta bancaria do Concello núm. 2080/0045/98/31100000/71 que deberá acompañarse obrigatoriamente do impreso de autoliquidación do Concello de Bergondo, que poderá ser obtido nas dependencias do Concello ou na web do Concello de Bergondo (www.bergondo.gal).

En todo caso, no documento acreditativo do ingreso dos dereitos de exame deberán figurar nome, apelidos e DNI do/da aspirante, a referencia do cobro que se indica no impreso de autoliquidación e a praza á que concorre a persoa interesada.

Os dereitos de exame estableceranse nas bases específicas, de conformidade coa regulación contida na Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos do Concello de Bergondo (BOP núm. 3 do 04.01.2018)

Os dereitos de exame so lle serán devoltos a quen non fose admitido ás probas selectivas por non reunir os requisitos esixidos.

e) A demais esixida, de ser o caso, polas correspondentes bases específicas.

4. A documentación a que se refiren os apartados anteriores poderá ser presentada en copia simple do orixinal. Non obstante conforme establece o artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, o Concello de Bergondo cando considere que existen dúbidas derivadas da calidade da copia, poderá solicitar o cotexo das copias aportadas polo interesado, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

En todo caso os interesados responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten, reservándose este Concello a facultade de exercer as medidas de esixencia de responsabilidade oportunas no caso de falsidade na documentación achegada.

5. Os aspirantes con discapacidade poderán solicitar as necesidades específicas de adaptación e axuste de tempo e medios que considere oportunas para participar nas probas selectivas en condicións de igualdade. Para iso farán constar na solicitude o seu tipo de discapacidade e as posibles adaptacións que precisen para participar nas probas selectivas.

6. Os e as aspirantes poderán elixir en cal dos dous idiomas oficiais na comunidade autónoma de Galicia queren realizar o seus exames, para o cal, deberán facelo constar na súa solicitude. De non indicalo, os cuestionarios das probas selectivas distribuiranse, por defecto, en galego.

7. A non presentación da solicitude en tempo e forma supoñerá a non admisión do aspirante ao proceso selectivo.

4ª.- Admisión de aspirantes. Data e lugar de celebración das probas

1. Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello e no Taboleiro electrónico de anuncios, indicárase os admitidos e excluídos, con expresión das causas da exclusión, e concederáse un prazo de 10 días hábiles para reclamar, emendar ou corrixir defectos, a teor do disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data de publicación no Boletín Oficial da Provincia será a determinante dos prazos para os efectos das posibles reclamacións.

As subsanacións referiranse exclusivamente a documentación existente e con data anterior á finalización do prazo para a presentación de solicitudes contemplado no punto 3.2 das presentes bases. No caso concreto das taxas so caberá a subsanación de ter realizado o ingreso durante o citado prazo de presentación de instancias e non se aportase o xustificante de telo realizado.

2. As reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas, de ser o caso, na resolución da Alcaldía ou órgano delegado pola que se aprobe a listaxe definitiva de admitidos e excluídos. A devandita resolución, que se publicará igualmente no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello e no Taboleiro electrónico de anuncios, conterá a composición nominal do tribunal cualificador, con titulares e suplentes, e o lugar, data e hora de comezo dos exercicios.

3. No suposto de que non houbese ningún excluído, poderá aprobarse directamente a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

5ª.- Tribunais de selección

1. Consonte cos artigos 55 e 60 do TRLEBEP, co Real Decreto 896/1991, polo que se establece as regras básicas e os programas mínimos aos que teñen que axustarse os procedementos de selección dos funcionarios na administración local e co artigo 11 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, os tribunais de selección de persoal deben ser órganos colexidados e a composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, debéndose tender á paridade entre muller e home.

2. A composición dos tribunais determinarase na convocatoria específica da praza ou prazas que se convoquen, debendo estar integrados, polo menos, por cinco membros. A designación nominal dos membros do tribunal incluírá a dos respectivos suplentes.

3. O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. Así mesmo, o persoal laboral tampouco poderá formar parte dos órganos de selección de funcionarios de carreira. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

4. Os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

5. Os integrantes do tribunal deberán absterse de formar parte deste, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, notificándoo á autoridade convocante, ou cando tiveran realizado tarefas de preparación a probas selectivas semellantes á aquí convocada nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os aspirantes, igualmente, poderán recusar aos membros do Tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.

6. Para a válida constitución do tribunal terán que estar presentes o presidente e secretario ou persoas que legalmente as substitúan e un dos vogais. De conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público o tribunal poderase constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos ou remitir actas tanto de forma presencial como a distancia. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto do seu presidente.

Nas sesións que celebre o tribunal a distancia os seus membros poderán atoparse en distintos lugares sempre e cando se asegure por medios electrónicos, considerándose tamén tales os telefónicos e audiovisuais, a identidade dos membros ou persoas que as suplan legalmente, o contido das súas manifestacións, o momento nas que estas se produzan, así como a interactividade e intercomunicación en tempo real entre eles e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión.

O tribunal de selección poderá, se o considera oportuno, valerse de especialistas sobre unha determinada materia que actuarán con voz pero sen voto e os que poderán emitir cantos informes ou ditames lles solicite o tribunal, non sendo tales informes de carácter vinculante e limitaranse ao exercicio das especialidades técnicas que fixeron necesaria ou convinte a súa colaboración co respectivo tribunal.

Sempre que así o acorde o Tribunal de Selección no caso de ser necesario a realización de sorteos de desempate entre dous aspirantes ou para a pública apertura dos sobres cos códigos identificativos dos aspirantes, éste poderase realizar coa soa presenza de a lo menos dous dos membros do Tribunal onde un deles obrigatoriamente terá que ser o Secretario.

7. A actuación do tribunal axustarase estrictamente ás bases da convocatoria. Non obstante, o tribunal resolverá as dúbidas que xurdan da súa aplicación e poderá tomar os acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nas bases.

8. Para os efectos de percepción de indemnizacións por asistencia como membros dos tribunais, estes terán a categoría que lles corresponda, segundo o establecido no Real decreto 462/2002, do 24 de marzo.

6ª. Probas selectivas

As probas selectivas para cada praza serán as previstas na súa convocatoria ou bases específicas.

7ª.- Comezo e desenvolvemento das probas selectivas

1. O lugar, data e hora da celebración do primeiro exercicio das probas selectivas, fixarase na resolución da Alcaldía ou do órgano delegado onde se aprobe a listaxe definitiva de admitidos e excluídos a que se refire a base cuarta. O comezo das probas selectivas deberá anunciarse con 10 días de antelación, como mínimo, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello.

Unha vez comezadas as probas selectivas non será obrigatoria a publicación de celebración dos sucesivos exercicios no Boletín Oficial da Provincia.

Os resultados das probas, as convocatorias de exames, citacións e emprazamentos aos aspirantes, así coma calquera actuación do tribunal cualificador levaranse a cabo unicamente a través do taboleiro electrónico de anuncios do concello (<https://sede.bergondo.gal/opencms/gl/informacion/>), medio exclusivo de notificación aos interesados de conformidade co previsto no artigo 45.1. b) da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, salvo que estas bases dispoñan expresamente o contrario, non obstante o concello se o estima oportuno poderá utilizar ademais outros medios de publicación ou comunicación.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio con chamamento único, aínda que este teña que dividirse en varias sesións, debendo asistir os aspirantes á sesión á que sexan convocados. Serán excluídos do proceso selectivo quen non compareza, salvo nos supostos alegados e xustificados con anterioridade á celebración do exercicio e nos casos de forza maior acaecidos o mesmo día da realización, polo que o tribunal deberá adoptar resolución motivada para o efecto. A non presentación dun aspirante a calquera dos exercicios obrigatorios no momento de ser chamado determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar nese e nos sucesivos, quedando excluído en consecuencia do procedemento selectivo.

Entre o final dunha proba ou exercicio e a celebración do sucesivo deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días.

2. A actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan realizarse conxuntamente realizaranse pola orde alfabética por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra "Y", segundo o establecido na Resolución do 29 de xaneiro de 2021, da Consellería de Facenda e Administración Pública, pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 24, do 5 de febreiro de 2021).

3. Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade no momento de realizar o chamamento, podendo os membros ou colaboradores do tribunal, esixir a súa exhibición en calquera momento ao longo da realización da correspondente proba.

4. O contido de cada proba, a forma do seu desenvolvemento, o sistema de cualificación dos exercicios e os programas específicos, serán os determinados nas correspondentes bases específicas.

5. Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, excluíráselle, logo da audiencia do interesado, comunicándoo no mesmo día á autoridade que convocaou o proceso selectivo.

6. Os exercicios que se celebren por escrito poderán ser lidos publicamente polos aspirantes, se así o decide o tribunal, podendo este dialogar co aspirante co fin de determinar os seus coñecementos sobre o contido do exposto.

7. Cando nas bases específicas non conste expresamente a duración dunha proba ou exercicio, o tribunal decidirá ao respecto, atendo á natureza e ás características da dita proba.

8. Nos exercicios que comprendan probas físicas o tribunal poderá esixir certificado médico que acredite que os aspirantes atópanse nas debidas condicións para levalos a efecto ou sometelos a recoñecemento médico previo.

8.- Sistema de cualificación

1. Os sistemas de cualificación e o número de puntos das distintas probas selectivas detallaranse nas bases específicas da correspondente convocatoria.

2. As cualificacións realizaranse sumando as puntuacións outorgadas polos distintos membros do tribunal asistentes e dividindo o total polo número de aqueles, sendo o cociente resultante a cualificación obtida.

3. A orde de cualificación definitiva estará determinada pola suma das puntuacións obtidas no conxunto dos exercicios.

4. As cualificacións dos/as aspirantes aprobados/as en cada un dos exercicios serán publicadas no taboleiro de edictos do Concello e no taboleiro de anuncios electrónico, e aos só efectos informativos, na páxina web do Concello (www.bergondo.gal).

9.- Relación de aprobados

1. Unha vez terminada a cualificación dos aspirantes, o tribunal publicará nos taboleiros de anuncios do Concello e por orde de puntuación decrecente, que será especificada numéricamente, a relación de aprobados e elevará a dita relación, xunto coa acta da derradeira sesión e a proposta de nomeamento ou contratación, que terá carácter vinculante, á Alcaldía ou órgano delegado para os efectos de tramitación do pertinente nomeamento, se se trata de prazas de funcionarios, ou de formalizar os contratos laborais, no caso de prazas de persoal laboral.

2. O tribunal non poderá propoñer un número de candidatos aprobados superior ao número de prazas convocadas. Non obstante o anterior, sempre que os órganos de selección propoñeran o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e coa fin de asegurar a cobertura das mesmas, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan aos propostos, para seu posible nomeamento como funcionarios de carreira e ou persoal laboral fixo.

3. Se ningún aspirante superase as probas establecidas, o tribunal declarará deserta a convocatoria

10. Presentación de documentos.

1. Os aspirantes propostos deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Bergondo, e dentro do prazo de vinte (20) días naturais dende que se faga pública a relación de aprobados por orde de puntuación, os documentos seguintes:

a) Fotocopia auténtica ou compulsada do DNI ou documento equivalente.

b) Copia auténtica ou fotocopia compulsada do título esixido na correspondente base específica, ou, no seu defecto, xustificante de cumprir todos os requisitos para a súa expedición. Se estes documentos estivesen expedidos despois da data de remate do prazo de presentación de instancias, deberá xustificarse a data na que finalizaron os correspondentes estudos.

c) Certificación médica oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida o normal exercicio das funcións propias da praza a desempeñar. No suposto de minusvalía deberá aportarse tamén o certificado especificado no apartado b) da base segunda.

d) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante procedemento disciplinario, do servizo de ningunha Administración pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

Non suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.

e) Declaración xurada ou promesa de non incorrer en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade establecidos na lexislación vixente e referida ao momento da súa toma de posesión.

f) Fotocopia da cartilla da Seguridade Social (no caso de estar afiliado), acompañada do orixinal, ou de ser o caso, xustificación de non estar afiliado.

g) Impreso de designación de conta bancaria.

h) De ser o caso, aqueles outros documentos esixidos nas bases específicas.

2. Se os aspirantes propostos tivesen a condición de funcionarios públicos, estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nomeamento, debendo neste caso presentar certificación da Administración Pública da que dependan, acreditativa da súa condición e, se é o caso, demais circunstancias que consten no seu expediente persoal ou folia de servizos.

Se se tratase de nacionais de estados membros da Unión Europea, presentarán ademais a documentación esixida pola Lei do 23 de decembro de 1993.

3. Os que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación, non poderán ser nomeados ou contratados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia para tomar parte no proceso selectivo.

11ª.- Nomeamento e toma de posesión dos funcionarios de carreira

1. Concluído o proceso selectivo e presentados os documentos a que se refire a base anterior, a Alcaldía, de acordo coa proposta do tribunal cualificador, procederá ao nomeamento do funcionario de carreira. Os candidatos seleccionados deberán tomar posesión no prazo máximo dun mes, a contar do día seguinte ao que lle sexa notificado o nomeamento, debendo, previamente, prestar xuramento ou promesa de conformidade co establecido no Real decreto 707/1979, do 5 de abril.

2. Se é o caso, e para os supostos que se determinen nas respectivas bases específicas, o nomeamento como funcionario de carreira poderá quedar supeditado á superación do correspondente período de práctica ou curso selectivo ou de formación, sendo nomeado mentres funcionario en prácticas, con dereito a percibir da Corporación ás retribucións correspondentes.

Os aspirantes que non superen o período de prácticas ou o curso selectivo non poderán ser nomeados funcionarios de carreira.

3. Os que sen causa xustificada non tomen posesión no prazo sinalado, quedarán en situación de cesantes, con perda de todos os dereitos derivados da convocatoria e do nomeamento conferido.

4. Os nomeamentos dos funcionarios deberán publicarse no Boletín Oficial da Provincia.

12ª.- Formalización do contrato e/ou período de proba do persoal laboral fixo

1. Concluído o proceso selectivo e presentados os documentos a que se refire a base 10 anterior, a Alcaldía, de acordo coa proposta do tribunal cualificador, procederá á resolver a contratación do persoal laboral fixo. Os candidatos deberán asinar o contrato de traballo no prazo máximo dun mes, a contar do día seguinte ao que lle sexa notificada a resolución que acorda a súa contratación.

Ata que non se formalice o contrato e non se incorpore ao traballo, o aspirante non terá dereito a prestación económica algunha.

2. Os contratos poderán quedar sometidos a un período de proba, que terá unha duración especificada para cada caso na correspondente convocatoria específica.

13ª.- Formación de bolsas de traballo

1. Formarase unha bolsa de traballo, para a cobertura de prazas de funcionarios con carácter interino ou prazas de persoal laboral con contratacións laborais temporais, cos aspirantes daqueles procesos selectivos finalizados ao abeiro da presente convocatoria, que houbesen superado todas as probas/exercicios obrigatorios da fase oposición, e configurada por orde descendente das puntuacións acadadas no proceso selectivo.

2. Esta bolsa terá por obxecto habilitar unha listaxe de aspirantes á que se acudirá, nos supostos legais procedentes e con arranxo ás modalidades de emprego (funcionarios/laborais) correspondentes, para futuras e xustificadas incorpora-

cións de persoal temporal con equivalente condición profesional á do seleccionado na convocatoria e proceso selectivo dos que se derive a dita bolsa.

A súa creación, funcionamento e xestión rexeráse polas normas sinaladas a continuación ou, no seu caso, e con carácter complementario, nas respectivas convocatorias e bases específicas.

I. Obxecto. Supostos e ámbito de aplicación

O recurso a esta bolsa, para a incorporación e contratación ou nomeamento do persoal temporal pretendido, deberá cingirse e adecuarse aos supostos, criterios, requisitos e modalidades/tipoloxías funcionariais ou laborais-contractuais previstas, segundo o caso, pola normativa aplicable ao efecto en cada momento; e, concretamente, e segundo o marco normativo actualmente vixente, ao disposto nos artigos 10 e 11 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público (TRLEBEP); 23 a 27 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia (LEPG); Estatuto dos Traballadores; e artigo 19. cuarto da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021 ou aquelas outras disposicións análogas/concordantes vixentes en cada momento.

No expediente correspondente deberá figurar a descrición e xustificación da necesidade laboral/funcional temporal cuxa cobertura se pretenda; debendo acreditarse/xustificarse a efectiva concorrencia da urxencia e/ou aquelas outras supostos ou circunstancias excepcionais que, segundo a normativa vixente no momento, permitirían a incorporación do persoal temporal pretendido (xa sexa en réxime laboral ou ben funcional, segundo o que proceda). Con acreditación, asemade, por parte da Intervención Municipal, da existencia de crédito adecuado e suficiente.

O obxecto das ditas incorporacións temporais será a realización das funcións/tafas propias das prazas/postos/categorías a desempeñar (nos termos do legalmente definido ao efecto, e con arranxo á capacitación profesional, legal e formativa inherentes), segundo as necesidades de servizo que as teñan motivado; e, en todo caso, con arranxo aos criterios organizativos e funcionais derivados do previsto, ao efecto, na RPT ou instrumento organizativo equivalente vixente en cada momento.

II. Vixencia

A creación e entrada en vigor destas bolsas anulará calquera outra de obxecto e/ou características equivalentes que poida existir no Concello, e terá unha vixencia de cinco anos (contados dende o día seguinte ao da publicación da resolución aprobatoria das bolsas). Non obstante, quedarán anuladas automaticamente, antes da finalización da dita vixencia, coa entrada en vigor efectiva doutra bolsa con obxecto e/ou características equivalentes, agás que se excepcione expresamente para áreas concretas da actividade municipal, xa sexa por convocatoria específica ao efecto (por terse esgotado a aquí regulada, ou por calquera outra causa debidamente acreditada), ou ben porque se derive da convocatoria de novos procesos selectivos.

III.- Funcionamento e xestión.

1. Chamamentos.

Os chamamentos para a formalización dos nomeamentos/contratacións realizaranse en base á orde de prelación vixente, en cada momento, entre os/as integrantes da bolsa de traballo; e, polo tanto, respectando a posición ordinal (por orde descendente) que, en cada momento, ostenten nela. En caso de oferta simultánea de varias contratacións, estas ofreceranse en bloque, para a súa elección segundo a orde de prelación de aspirantes.

Os chamamentos realizaranse por vía telefónica e correo electrónico, ao número e dirección de correo electrónico facilitados, polo/as integrantes da bolsa de traballo, no momento de terse presentado ao proceso selectivo para a súa creación; así, en aras a unha adecuada eficacia deste procedemento, os/as interesados/as deberán comunicar ao Concello, baixo a súa responsabilidade, calquera alteración destas datos de contacto, a efectos de chamamento, que se puidera ter producido.

Realizaranse un máximo de tres chamadas telefónicas, durante unha mesma xornada laboral (entendida dende as 8:45 ás 15:15 horas), a distinta horas e cun intervalo mínimo dunha hora. No caso de non terse producido resposta ás ditas chamadas, remitirase un correo electrónico final (dentro da mesma xornada). Tanto na chamada telefónica como no correo electrónico indicárase, como mínimo, a tipoloxía/modalidade da incorporación temporal ofertada (coa duración prevista, en caso de coñecerse, e/ou causa de finalización), si se está a expensas de que acepten os/as integrantes da lista anteriores e que tiveran sido chamados previamente, o prazo máximo para a resposta e o número de teléfono e correo electrónico para poder contactar, a tales efectos, co Concello. Darase un prazo máximo de 24 horas (contado dende a hora de contestación da chamada ou, de non producirse, dende a hora da última chamada sen resposta) para aceptar ou non, a oferta realizada.

a) De non terse producido ningún tipo de resposta ao chamamento (no prazo máximo antedito), aplicaranse ao/á integrante os mesmos efectos, en relación coa súa situación na bolsa, que os previstos para os supostos de rexeitamento

injustificado do chamamento e, polo tanto, nos termos do sinalado a continuación, implicará o seu pase ao último lugar da bolsa; e así, sucesivamente, para cada un dos/as integrantes que incorran en falta de resposta.

b) De terse respondido a dito chamamento, no prazo sinalado, procederase do seguinte xeito, segundo se teña producido á aceptación ou rexeitamento da oferta de incorporación realizada:

b.1.- No suposto de rexeitamento da oferta, o/a interesado/a deberá alegar algunha das causas/situacións xustificadas que continuación se relacionan, sen prexuízo daquelas de forza maior que poidan alegarse e que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía; e todas elas deberán acreditarse documental e fidedignamente no prazo máximo de 3 días hábiles dende o dito rexeitamento. De cumprirse co antedito, conservará a súa posición ordinal dentro da bolsa; de non ser así, pasará ao último lugar desta.

As ditas causas/situacións de rexeitamento xustificadas serán as seguintes:

1. Concorrenza de parto, permiso por nacemento, adopción ou acollemento, permiso de paternidade, risco durante o embarazo, risco durante o período de lactación natural e/ou situacións asimilables.

2. Estar en situación de incapacidade temporal transitoria por continxencias comúns ou profesionais, acreditado co correspondente parte médico de baixa.

3. Estar en situación de servizo activo en calquera Administración Pública ou entidade integrante do sector público, ou ter sido seleccionado/nomeado e atoparse en prazo de toma de posesión ou contratación para acadar a dita situación

4. Estar nalgunha das situacións de servizos especiais contemplada pola normativa de aplicación.

5. Ter vixente un contrato de traballo cunha empresa/entidade privada, ou exercer como autónomo.

6. Ter que coidar e/ou estar ao cargo dun familiar de ata segundo grao, cando este, por razóns de idade, accidente ou enfermidade non puidera valerse por si mesmo e non desenvolva unha actividade retribuída; ou situacións asimilables enmarcadas dentro do exercicio da conciliación laboral e familiar.

b.2.- No suposto de aceptación da oferta, a Alcaldía resolverá a incorporación, na modalidade de emprego que proceda e na data prevista ao efecto, do/a integrante da bolsa chamado e que teña aceptado, ao que se lle requirirá para que antes desta no prazo de 5 días hábiles, presente a seguinte documentación:

a) Aceptación expresa do nomeamento ou contratación, segundo proceda.

b) A documentación sinalada na Base 10ª.

No caso de que, no prazo sinalado, non cumprira coa presentación da referida documentación (ou desta se deducira que non reúne os requisitos esixidos), ou ben non procedera á incorporación/toma de posesión, entenderase que renuncia/desiste dos seus dereitos inherentes, de tal xeito que non se procederá á súa efectiva incorporación e a Alcaldía proporá e resolverá a incorporación do/a aspirante que ocupe a seguinte posición ordinal na bolsa; e ademais, agás que poida acreditar, documental e fidedignamente, causas/razóns de forza maior que xustifiquen o dito incumprimento (que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía), pasará a ocupar o último lugar da bolsa. Así mesmo, tamén pasará a ocupar o dito último lugar da bolsa no caso de que proceda a renunciar ou desistir do posto de traballo, unha vez aceptado expresamente o nomeamento ou contratación, e antes de proceder á efectiva incorporación/toma de posesión/formalización do contrato de traballo.

2. Baixa definitiva.

A acumulación, por un mesmo integrante da bolsa, de tres situacións de falta de resposta (en prazo) aos chamamentos, rexeitamento injustificado, incumprimento da presentación da documentación previa á incorporación/toma de posesión e/ou do prazo/datas fixados ao efecto, dará lugar á súa baixa definitiva na bolsa. Igualmente, tamén serán causas de baixa definitiva as seguintes:

1. Solicitude de baixa voluntaria por parte dos/as integrantes da bolsa

2. Non reunir os requisitos requiridos (ou terse producido falsidade na acreditación destes)

3. Ter sido separado ou inhabilitado do servizo público.

4. Falecemento, incapacidade permanente ou cumprimento da idade ordinaria de xubilación fixada, de ser o caso, en cada momento.

En todo caso, a dita baixa definitiva deberá ser acordada, mediante resolución debidamente motivada, por parte da Alcaldía e deberase garantir aos afectados o trámite de audiencia.

3. Dilixencia de chamamentos.

Ao obxecto da súa adecuada xustificación, consulta e acreditación administrativa, o/a empregado/a público/a que se teña encargado dos chamamentos fará constar, mediante dilixencia emitida ao efecto (e que obrará no expediente correspondente), os trámites efectivamente realizados; debendo indicar, cando menos, os días e horas nos que se realizaran as chamadas e o envío de correos electrónicos, así como do remate do prazo para responder ao chamamento, e se o/a aspirante tivo respondido en prazo e aceptado, ou non, a oferta de nomeamento realizada (e sen prexuízo daquelas incidencias/circunstancias que, de ser o caso, se estime oportuno reflectir).

4. Fin da relación de emprego e reingreso na bolsa

O persoal temporal que teña sido incorporado ao abeiro destas bolsas finalizará a súa relación de emprego, ademais de polas causas xerais que determinan a perda da condición de empregado público, cando rematen as causas que tiveran motivado a dita incorporación e o nomeamento ou contratación correspondentes ou, no seu caso, concorran algunha das restantes causas de finalización legalmente previstas, segundo o caso.

Ao producirse a finalización da súa relación de emprego como persoal temporal regresará á posición ordinal que, en cada momento, lle corresponda dentro da bolsa, agás que a finalización da relación de emprego se deba a unha renuncia ao posto de traballo unha vez producida a contratación ou toma de posesión, en cuxo caso regresará á bolsa no seu último lugar; non obstante, nos casos nos que a relación de emprego finalice por mor dunha situación ou suposto legal con reserva de posto e/ou con garantía/posibilidade de reincorporación, manterá a súa posición ordinal na bolsa en tanto siga vixente a dita reserva de posto ou garantía/posibilidade de incorporación.

5. Situacións ordinarias nas que se poderán atopar os/as integrantes de cada unha das bolsas.

a.- “Dispoñible”. Atoparse entre a listaxe de integrantes da bolsa á espera de ser chamado/a.

b.- “Traballando”. Atoparse traballando para o propio Concello como consecuencia de ter sido nomeado/a ou contratado/a a través da bolsa.

Finalizada a vixencia do correspondente contrato/nomeamento, pasarase novamente á situación de “dispoñible”, mantendo a posición ordinal anterior na bolsa de orixe, agás nos supostos excepcionais sinalados no apartado 4 anterior.

No caso de que os/as empregados/as “traballando” se atopen incluídos como dispoñibles noutras bolsas de emprego temporal do Concello, poderán aceptar ou rexeitar outra contratación ou nomeamento temporal que se lles ofrezca a través destas. No caso de aceptar, considerarase como “renuncia voluntaria” na súa relación de emprego en vigor e pasarán como “dispoñibles” ao final da bolsa de emprego da que tivera derivado a contratación ou nomeamento ao que se renuncie, agás no suposto do apartado 6.3 seguinte.

c.- “Baixa definitiva”. Implica a exclusión definitiva da bolsa, e se derivará dos supostos/circunstancias sinalados no apartado 2 anterior.

En todo caso, a dita baixa definitiva deberá ser acordada, mediante resolución debidamente motivada, por parte da Alcaldía e deberase garantir aos afectados o trámite de audiencia.

6. Mellora de emprego

As persoas que figuren na lista de agarda correspondente e teñan formalizado un nomeamento nesta Administración de duración igual ou inferior a un ano serán chamados para novos nomeamentos pola súa orde de prelación nos seguintes casos:

1. Cando o novo nomeamento sexa para a execución dun programa de carácter temporal.
2. Cando o novo nomeamento sexa para a cobertura dunha praza vacante.
3. Cando o novo nomeamento sexa para a cobertura dun posto de grupo superior

A mellora só se ofertará unha vez por persoa aspirante e só poderán cambiar de nomeamento en virtude de mellora de emprego unha única vez durante o período que se manteña a lista de agarda.

7. Competencia para a xestión ordinaria das bolsas

A competencia para a xestión administrativa e ordinaria das bolsas de emprego correspóndelle ao servizo ou unidade administrativa que teña atribuída a xestión de persoal/RR.HH; cuxo persoal asumirá os trámites operativos e materias pertinentes.

8. Dereito de acceso e información

Garantirase aos interesados a posibilidade de acceso/información respecto da bolsa de emprego vixente en cada momento, mediante os medios que o fagan posible e con adecuación, en todo caso, ás previsións/limitacións normativas

aplicables ao respecto do dereito de acceso á información pública e da protección de datos de carácter persoal. E isto sen prexuízo das atribucións resolutorias que, segundo o previsto nestas bases, así como na normativa de réxime local, lle correspondan á Alcaldía ou ao órgano competente correspondente.

14. Incidencias

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

Sen prexuízo do establecido na base seguinte as solicitudes de revisión de exame que poidan presentarse polos aspirantes serán consideradas como solicitudes de acceso ao expediente ao abeiro do previsto no artigo 53 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sendo a única obriga para o tribunal de selección a de expoñer os criterios técnicos xerais que se tiveron en conta para a obtención da puntuación.

15.- Normativa de aplicación

Os procesos selectivos citados rexeranse polo establecido nestas bases xerais e nas correspondentes bases específicas de cada convocatoria. Para o non previsto nestas bases serán de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; o Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección dos funcionarios de administración local; Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; e demais disposicións vixentes que puidesen resultar de aplicación.

16.-Protección de datos de carácter persoal

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle a aqueles aspirantes que presenten a súa solicitude para participar no presente procedemento de selección de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é Concello de Bergondo, con dirección na estrada da Coruña, núm. 12, 15165 Bergondo (A Coruña).

Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal.

Os aspirantes terán dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, Concello de Bergondo dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

17.-Medidas e responsabilidade derivada da COVID-19

O Concello de Bergondo adoptará para a organización e realización das probas de selección, así como no seu caso, o posterior recoñecemento médico, todas as medidas sanitarias de prevención que dispoñan como obrigatorias as autoridades sanitarias e laborais.

Porén o Concello de Bergondo non pode garantir que os participantes e os seus familiares non se infecten coa COVID-19 como consecuencia do desenvolvemento desta actividade que podería aumentar o risco de contaxio. Mediante a presentación da solicitude de participación no presente procedemento de selección o aspirante recoñece ter sido informado da natureza contaxiosa da COVID-19 e do incremento de risco de contaxio que podería supoñer a asistencia as diferentes probas de selección que se convoquen e asume voluntariamente o citado risco tanto para si como para os seus familiares e achegados dunha posible exposición e/ou infección pola COVID-19 e que a citada exposición, sexa directa ou indirecta, pode derivar en lesións e danos persoais e enfermidades que poderían ocasionar incapacidades, mesmo permanentes ou a morte.

Polo tanto o aspirante acepta libre e voluntariamente asumir todos os riscos antes mencionados e asume libre e voluntariamente a súa responsabilidade exclusiva por calquera lesión propia ou dos seus achegados exonerando expresamente ao Concello de Bergondo e os seus traballadores de calquera responsabilidade por enfermidade, dano, perda, discapacidade, lesións ou morte, renunciando expresamente a calquera reclamación, responsabilidade ou gastos de calquera tipo derivados dun posible contaxio pola COVID-19.

18.-Norma final

A presente convocatoria, as súas Bases e todos os actos administrativos que da mesma se deriven poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma dispostos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sen prexuízo do anterior; as solicitudes de revisión de exame poderán ser presentadas no prazo máximo de 5 días hábiles a contar desde a publicación do anuncio de cualificacións da proba. Tales solicitudes serán resoltas polo Tribunal de Selección no prazo máximo de 1 mes a contar desde a presentación da mesma.

Contra os acordos, actas e valoracións realizadas polo Tribunal de Selección caberá a posibilidade de interpoñer recurso de alzada no prazo de un (1) mes a contar desde a publicación ou notificación do acordo, de conformidade co previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Alcaldía-Presidencia da Corporación. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada será de tres (3) meses, transcorrido este prazo sen que recaia resolución, se poderá entender desestimado o recurso conforme o previsto no artigo 122.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

En Bergondo, 1 de marzo de 2021.

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

2021/1699